Proxecto de investigación
Estudo dos plásticos na costa.

Din os mariñeiros que o mar devolve o que lle botas. Parte dos plásticos que empregamos rematan nos océanos ou nas costas. O estudo destes plásticos, da súa degradación e movemento polos océanos é a base de proxectos de ciencia cidadá como o que se propón neste estudo.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
Para buscar plásticos só necesitamos poder pasear pola costa. Nesta ocasión, ademais da nosa investigación, imos colaborar cun proxecto de ciencia cidadá chamado Observadores do mar. (aquí). Nos proxectos de ciencia cidadá cada un de nós pasa a ser un científico observador que proporciona datos (no caso que nos ocupa sobre os plásticos no mar.)
2. Buscamos información.
Que problema existe cos plásticos no mar? Cal é a orixe dos plásticos? Cal é o seu ciclo de vida?
É interesante que investiguedes sobre o proxecto Observadores do mar, igual te interesa algún outro proxecto ademais dos plásticos.
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
Imos analizar o tamaño e variedade de plásticos que chegan ás nosas costas. Tamén nos interesa saber se algunha zona recibe maior cantidade de plásticos ou hai algunha na que nunca atopamos eses materiais.
4. Realizamos un deseño de investigación.
Realizaremos rutas, sempre a mesma e á mesma hora, pola costa. Deberemos elixir mínimo catro ou cinco localizacións diferentes. Durante a ruta anotaremos, e fotografaremos, os plásticos que atopemos para despois subir os datos á aplicación de ciencia cidadá (aquí).
Nun mapa da nosa comarca anotaremos as observacións con chinchetas e etiquetas. (cada etiqueta levará información sobre o plástico atopado)
5. Resultados da nosa investigación.
Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.